

**Rosalía de Castro no horizonte dos “saudosistas”
portugueses. Da crítica de António Sérgio
á veneración de Teixeira de Pascoais**

António Rodrigues Baptista

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BAPTISTA, ANTÓNIO RODRIGUES (2011 [1994]). “Rosalía de Castro no horizonte dos ‘saudosistas’ portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoais”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 173-183. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1419>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRIGUES BAPTISTA, ANTÓNIO (1994). “Rosalía de Castro no horizonte dos ‘saudosistas’ portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoais”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 173-183.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Rosalía de Castro no horizonte dos “saudosistas” portugueses.
Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoais.**

*António Rodrigues Baptista**

Á memoria do profesor Carballo Calero, mestre e amigo.

A CRÍTICA DE ANTÓNIO SÉRGIO

António Sérgio de Sousa (1833-1969) era un crítico problemático de seu, máis do que foi o neorromántico ou metafísico Teixeira de Pascoais, e aínda que aquel se suma ó movemento saudosista nun principio, de seguida sae ostensivamente das súas filas precisamente no outono daquel 1913.

António Sérgio dirixe desde Brasil¹, país ó que emigrara pouco antes, dúas cartas ós directores de *A Águia*, moi en especial a Teixeira de Pascoais, director literario da tal revista e caracterizado por un espírito acentuadamente relixioso. Nesas cartas denominadas *Epístolas aos Saudosistas*, António Sérgio reclamaba a atención de Pascoais sobre a fragilidade das súas teses acerca do saudosismo². Na segunda destas *Epístolas*, Sérgio refuta a afirmación de Pascoais segundo a cal o pobo portugués era o único pobo que sentía a saudade, incluíndo tal vez o galego³.

Logo de disertar extensamente sobre o sentimento saudoso en distintos pobos europeos e dos termos traducidos do portugués (“o galego —escribe Sérgio— ten *soledades*, *soedades*, *saudades*; o catalán, *anyoransa*, *anyoramento*; o italiano *desio*, *disio*; o rumeno (*sic*) *doru* ou *dor*; o sueco, *saknad*; o dinamarqués, *Savn*; e o islandés, *saknaor...*”), Sérgio alude, por outro lado, ó caso do galego nos seguintes termos:

¿E o galego, que, segundo Pascoais, *tal vez* teña tamén a saudade, non poderá reclamar maiores dereitos? Pascoais cita a A. A. Cortesão,

quen afirma que a palabra *saudade* foi empregada por vez primeira coa grafía de *soidade* por don Dinís ou por algún dos trobadores do ciclo dionisiano. Tal aseveración do egrexio erudito pode resultar perigosa para o *saudosismo* se a comparamos cunha nota da páxina 59 do artigo "De la poesía popular gallega", publicado en *Romania*, tomo VI, París, 1877, por Milá y Fontanals: "Os portugueses teñen a palabra *saudades* (*soledades* cast.; *anyoransa*, *anyorament* xunto con *anyorar* e *anyorarse*, cat., en certos casos *regret*, fr., e *desiderium*, lat.). Desta palabra usaron e abusaron os poetas portugueses modernos. A forma galega *soidade* atópase xa no rei Dinís".

Se xa en 1877 parecía que abusabamos de *saudade*, xenuína invención portuguesa que tería comezado a se empregar baixo unha forma non portuguesa, ¡que diríamos hoxe, Pai do Ceo!

Soledades, *soedade*, *saudades*, *soidás*, son utilizadas normalmente polos poetas galegos. Velaquí dous exemplos:

*Digoch' este adios chorando
Desd' a veiriña do mar.
Non m' olvides queridiña,
Si morro de soidás...
Tantas legoas mar adentro.*

*Ela honesta está escoitando.
Mais con suspiros responde,
Qu' aló guarda non sei donde
Saudades de non sei cando.*

(Rosalía de Castro. *Cantares Gallegos*)⁴

Teixeira de Pascoais, na súa resposta que titula *Os meus comentarios ás dúas cartas de António Sérgio*, con data de 17 de setembro de 1913, refire que a súa definición de "saudade" estaba máis próxima da de Duarte Nunes de Leão (máis coa acepción de "lembranza" ou "desexo") que da de Almeida Garrett (que a definía como "doce pungir de acerbo espinho"), cousa que non parecía clara ós ollos de António Sérgio. Despois reclama a atención do seu ilustre colega sobre a "natureza esencialmente lusitana de 'saudade'" e refírese a Galicia e a Rosalía de Castro da seguinte maneira:

Os cantos populares permiten coñecer como vive un pobo un determinado sentimento. O noso Cancioneiro é a maior proba da natureza esencialmente lusitana da saudade. Non existe ningún outro pobo, agás o catalán, que a comprenda e a viva como nós a vivimos. E así se explica a profunda e xa secular simpatía que une as dúas nacionalidades da Iberia.

Afirmei isto na miña segunda conferencia, "O génio portugués" logo de ter lido o *Portugal litterari* e mais as *Atlantiques* do eminente escritor catalán Ribera y Rovira, quen afirma que *anyorança* é a única tradución que existe de "saudade" e que este sentimento é só propio de cataláns e portugueses. Exclúe, xa que logo, os outros pobos. Non dixo nada de Galicia, porque Galicia é aínda Portugal.

Por outra parte, no segundo cuarteto que cita de Rosalía de Castro, pódese ver como a ilustre poetisa adoptou o noso vocábulo, e non se pode confundir "soidade" con "saudade". Nós temos estas dúas palabras.⁵

Non deixa de ser curioso o feito de que fose esta a primeira vez, que saibamos, que Teixeira de Pascoais se referise publicamente a Rosalía de Castro no contexto da célebre polémica ocasionada por António Sérgio.

Despois de outubro de 1913 debemos agardar aínda seis anos para volvermos ver citado de novo o nome de Rosalía de Castro por Teixeira de Pascoais⁶. Sucedeía isto antes de chegarmos á década dos anos vinte, cando Pascoais, logo dunha visita a Cataluña en xuño de 1918 convidado por Eugenio d'Ors, onde deu un ciclo de conferencias no Institut d'Estudis Cataláns da cidade de Barcelona sobre os *poetas lusíadas*, que logo publicaría ó ano seguinte no Porto co mesmo título de *Os Poetas Lusíadas*.

Esta edición, bastante rara, de Teixeira de Pascoais está dedicada precisamente a dous poetas rexionais da península: Rosalía de Castro e Joan Maragall, de forma destacada na primeira páxina: "Á memoria de Rosalía de Castro e Joan Maragall".

Ademais desta dedicatoria, atopamos en *Os Poetas Lusíadas* dúas referencias máis explícitas a Rosalía de Castro. A primeira no propio "Prefacio", cando Pascoais, logo de describir a súa partida para Cataluña a finais da primavera de 1918 lembra nun certo momento:

Partín un fermoso día de xuño. Percorrín o val do Douro en fraga calcinada. O río amarelento, sen transparencia, parece envolverse nunha pel que o torna hostil ó sorbo evaporante do sol. A auga melindrosa do Tamega, sería un halo de néboa fuxindo da temperatura infernal destas terras...⁷

E continúa:

Despois, está España, árida e deserta, de inmensos e indefinidos horizontes circulares:

*Deserto e sempre deserto,
Llanura e sempre llanura...*

como cantou Rosalía de Castro, esa gloria eterna de Galicia, purísima estrela da divina constelación: Rosalía, Galán e Maragall⁸.

Despois do "Prefacio" de *Os Poetas Lusíadas*, Teixeira de Pascoais pasa revista á historia da poesía portuguesa, desde as súas orixes (século XII) ata o movemento saudosista do século XIX. Faino principalmente a través da división en cinco períodos, conforme ós temas esenciais: *período rural ou dionisiano*, *período marítimo ou henriquino*, *período sebastianista*, *período político* e *período neo-sebastianista*⁹. E, unha a unha, explícita as diferencias temáticas, apuntando os seus principais cultivadores: don Dinís, Camões, Frei Agostinho da Cruz, Bocage, Junqueiro e, como o propio Pascoais indica no capítulo VI¹⁰, tamén os "novos poetas"¹¹ lusíadas, como Lopes Vieira, Correia de Oliveira e João Lúcio, e aínda os "máis novos"¹² como Augusto Casimiro, Jaime Cortesão, Mário Beirão e Afonso Duarte e, por fin, "outros máis novos"¹³ como Motta Guedes, Ferreira Monteiro, Alfredo Brochado e António de Portucale.

Non embargantes, é no último capítulo de *Os Poetas Lusíadas* acerca “Do Pensamento Saudoso”¹⁴ cando Teixeira de Pascoais volve mencionar o nome de Rosalía de Castro. Trátase dun dos máis longos capítulos do libro, no que Pascoais condensa o que pensa acerca do que son e mais de quen son “os máis fermosos poetas lusíadas”, salientando, sobre todos, a Luís de Camões e mais a Frei Agostinho da Cruz, citados con frecuencia ó longo de toda a obra. E, comparando a Camões con Frei Agostinho, Pascoais fai fincapé neste último, salientando a aquel que denomina “o verso supremo dos lusíadas”, bebido no poeta da Arrábida: “Ah! Saudade minha! Luz divina!”¹⁵

Paga a pena deternos un pouco nas consideracións de Teixeira de Pascoais.

Logo de meditar sobre a saudade ligada a Cruz “florecida en esperanza e enraizada na lembranza material” afirma que ese é o “rostro da saudade, cinguido nun abrazo o amor-sacrificio que redime”¹⁶. Máis adiante, referíndose ó “encanto das formas e das cores” e da “poesía verdadeira” que “seduce, porque dos seus versos emerxen divinas Presencias misteriosas...”¹⁷, diserta sobre a “criatura amada” e sobre o Amor (con maiúscula) que, cando “decae ou se materializa, a fin de ser posuído e fecundo, o noso sentimento, que é esperanza viva, sofre unha cruel desilusión”, para aludir, despois, en concreto, á muller, coas seguintes palabras: “máis que a propia muller, amamos a súa imaxe evocada. Máis que a súa presenza, os nosos Poetas cantan a súa ausencia. Adoran a súa figura espiritualizada, máis viva e asimilable ó sentimento que á súa persoa material —lembranza decaída do Amor”. Logo cita Pascoais o *Cancioneiro popular*:

*Chamaste-me tua vida,
Eu tua alma quero ser.
A vida acaba coa morte,
A alma não pode morrer.*¹⁸

Pascoais segue dicindo nas súas reflexións sobre o amor e a saudade que “existe un profundo sentimento da Eternidade e do Infinito, que abrangue o amor do home pola muller” como se pode constatar no cuarteto anterior e tamén no seguinte de Cristóvão Falcão:

*Sempre será meu amor
Como a sombra en cuanto eu fôr.
Quanto vai sendo mais tarde,
Tanto vai sendo maior.*¹⁹

Logo de afirmar, aínda, que o amor do portugués é amor “á súa Patria” e “amor a Deus”, como vemos nos versos de Camões (“Vereis amor da Patria não movido / De premio vil, mas alto e quasi eterno”), e de Frei Agostinho (“Ama comigo a Deus eternamente”),²⁰ Pascoais comenta aínda que a estes tres amores corresponden “as tres formas de Poesía: amorosa, patriótica e relixiosa —João de Deus, Camões e Frei Agostinho da Cruz”²¹.

E, logo de establecer un interesante paralelismo entre don Quixote e a saudade (“don Quixote é fillo do deserto. A saudade é filla do ermo. En Castela hai

deserto, así como en Portugal hai ermo [...] O deserto queima e desespera. O ermo afaga e confórmanos coa súa tristeza insinuante [...] Castela é o deserto de don Quixote, Portugal é o ermo da saudade..."²², Teixeira de Pascoais remata da seguinte maneira as súas consideracións metendo nunha mesma aperta a Portugal, Galicia e Cataluña, a Camões, Rosalía e Maragall:

Entre a saudade e don Quixote, como se ve, hai un estreito parentesco. E neste parentesco existe a unidade espiritual que une as razas nítidas de Iberia: Castela, Cataluña e Portugal, que se reflecte en Galicia, encantando, como nun espello marabilloso que restituíse o frescor, a gracia, a luz da infancia ó seu vello perfil.

O Portugal de Camões, a Galicia de Rosalía, a Cataluña de Maragall son os reinos da saudade, así como a fidalga Castela é o reino de don Quixote.

Mais, nas alturas azuis de Iberia, na Iberia do Infinito, se manteñan estantíons don Quixote e a saudade, como dous anxos da garda da alma peninsular, a máis poética e orixinal que creou a Terra²³.

Da lectura global de *Os Poetas Lusíadas*, onde a figura de Rosalía de Castro aparece por vez primeira na obra de Teixeira de Pascoais, quédanos a impresión de que a temática abordada polo poeta do Marão foi preparada no declinar da Primeira Guerra Mundial (1914-18). Por veces, o contido da obra amosa certo pesimismo ou desencanto, debidos quizais tamén ós ataques furibundos que apareceron nas páxinas da segunda fase de *A Águia* (1912) contra o movemento saudosista que creara Pascoais²⁴.

ROSALÍA NOS POEMAS DE PASCOAIS²⁵

Logo da publicación de *Os Poetas Lusíadas*, ou sexa, en 1920, saíu no Porto a segunda edición da que é considerada como a obra máis representativa do pensamento pascoaisiano: *Marános*²⁶, a súa "Dedicatoria" di como segue:

*Galiza, terra irmã de Portugal
Que o mesmo Oceano abraça longamente;
Berço de brancas nevoas refulgindo
O espírito do sol amanhecendo;
Altar de Rosalia e de Pondal
Iluminado a lagrimas acêzas,
Entre pinhaes, aos zéfiros, carpindo
Maguas da terra e misticas tristezas;
A ti dedico o livro que uma vez,
Embrigado de sombra e solidão,
Compuz sobre os fragedos do Marão:
Este livro saudoso e montanhez.*

Observemos tamén a "Oferta" da terceira edición de *Marános*, saída en Lisboa dez anos máis tarde²⁷ e aínda outro poema dedicado por Pascoais "Á Galiza", publicado na revista galega *Nós* en xullo de 1923. Vexamos en primeiro lugar a "Oferta" de *Marános*:

*Galiza, terra irmã de Portugal,
Que a divina Saudade transfigura,
A tua alma é rosa matinal,
Onde uma lágrima de Deus fulgura.
Terra da nossa infância virginal,
Altar de Rosalia e da Ternura,
Dedico-te estes versos, que, uma vez,
Compuz, em alto cerro montanbês.*

Observemos agora o poema dedicado en 1923 "Á Galiza" e publicado na revista *Nós*:

*Ó Santa Rosalia da Saudade,
Do Infinito e do Bêrço em que nasceste,
Cantora da perfeita suavidade
Da inefável ternura que é celeste;
Intérprete da nova Divindade
Que tu, Galiza Mater, concebeste,
Teu cântico imortal e redentor
É nossa eterna glória e nosso amor!²⁸*

Coma xa tivemos ocasión de comprobar nun breve estudio anterior²⁹, podemos observar, sen esforzo ningún, a través da lectura dos tres poemas lidos que, tanto na "Dedicatoria" como na "Oferta", existe un motivo conductor subxacente nos dous poemas, definido como unha liña de misión, común a Galicia e mais a Portugal, patente xa no primeiro verso: "Galiza, terra irmã de Portugal".

Na "Dedicatoria", composta por doce versos (simbólico número das casas do Zodíaco que o Sol percorre, ou da numeración das portas da Xerusalén Celeste), pódese observar unha cara diurna e outra nocturna, que, sen embargo, desaparecerá na "Oferta" da terceira edición de *Marános*, na que a penas se deixa entrever a cara diurna, no conxunto dos oito versos (simbolizando a iluminación) que conforman tal "Oferta" na súa estrutura épica e simbolista. Mesmo na "Oferta", co rexeitamento de todo canto é nocturno (vemos aí verbos de luminosidade, como "transfigura" e "fulgura", ou adxectivos de brillo intenso, como "matinal" e "virxinal"), o poeta do Marão, lembrando a Camões, chega mesmo a enfrontarse co Infinito e coa Divindade, a través de expresións como "divina Saudade" e "lágrima de Deus" e que no "alto cerro", como Moisés no Sinaí ou Frei Agostinho na Arrábida, procura unha saída cara ó Cosmos.

Rosalía revélase, daquela, para o platonizante poeta de *Marános*, como o símbolo da "Ternura", ou sexa, do Cordeiro Místico, xa que Pondal, que desaparece na "Oferta", máis ben parecía simbolizar o carneiro, a agresividade. Para Pascoais, en efecto, parece que a sociedade se transforme polo vieiro da mansedume, de raíz oriental —pero que vén sendo tamén un dos froitos do Espírito Celeste.

Por outro lado, aínda, podemos observar que Teixeira de Pascoais manifesta na transición da "Dedicatoria" de 1920 á "Oferta" de 1930 un traxecto místico de regreso ás orixes, no sentido da Xerusalén Celeste, traducido na expresión "Do Infinito Bêrço" en que é concebida pola Deusa-Nai ou "Galiza Mater", a "Santa

Rosalía da Saudade", segundo o poema da revista *Nós* de 1923, que amosa un cambio cualitativo en relación á "Dedicatoria" de 1920.

Anos despois, Pascoais compón un fermosísimo poema que é unha auténtica oración "A Rosalía de Castro". Esta é, por así dicir, a clave e mais a síntese da veneración do poeta de Amarante pola poetisa do Sar. Este poema foi publicado por vez primeira na obra colectiva titulada *7 ensayos sobre Rosalía*, publicada en Vigo en 1952. Velaquí o poema de Teixeira de Pascoais en loanza a Rosalía:

A ROSALÍA DE CASTRO

*Divina Rosalía. ¡Ó santa protectora
da terra de Galiza, a nossa terra Mãe!
Onde derrama um oiro triste a luz da aurora,
onde a névoa do mar descobre e encobre o Além,
onde há almas de Deus, no mundo prisioneiras,
onde há rezas e sol, á noite, nas lareiras...*

*Divina. Ó virgem da tristeza!
Coração de mulher que abrange a Natureza
e num canto imortal a converteu.
Coração de mulher aberto à luz do céu
co'as lágrimas sem fim dos desgraçados
soturna multidão de pobres emigrados...*

*Divina Rosalía.
Senhora da Saudade e da Melancolia...
Alma de Deus despida, exposta à chuva e ao vento
Alma, só alma, nun deslumbramento
Alma, só alma, a errar na solidão
Alma, só alma, eterna aparição.*

*Aparição da dor, aparição do amor.
Alma, só alma, apenas alma em flor.³⁰*

Poema de vinte versos (un número perfecto tamén), pero que máis ben semella o *Salve Regina* do Salterio Mariano ou a *ledaiña de Nosa Señora* da devoción popular. Pascoais, nas súas pregarías, coloca a Rosalía no mesmo plano que a Virxe. Podemos afirmar que se trata do encontro do Poeta coa Nai. Aquel comeza a súa invocación polo apóstrofe "Divina Rosalía" que repite, en cadencia, nas estrofas seguintes, agás na segunda onde utiliza a expresión en suspenso "Divina".

O ton xeral do poema é o dunha súplica, en forma de rosario que, subindo da "terra Mãe", descobre o "Além", a través da "luz da aurora" propia das invocacións á *Stella Matutina* ou das pregarías nocturnas das "almas" desterradas en torno das "lareiras" das aldeas de Portugal e de Galicia.

Trátase, xa que logo, dun ton marcadamente neo-platónico, que Pascoais prosegue na súa oración, volvendo sobre todo para ese "coração de mulher", porque

só el consegue verdadeiramente abriarse á luz do Alto e ser o voceiro dos "degradados, fillos de Eva" do Salterio ou dos "pobres emigrados" da voz do Poeta.

Por fin, a través da anáfora "Alma", oito veces repetida, Pascoais pon de relevo a persoa de Rosalía que, estando integrada nese coro de figuras desafortunadas, estaba predestinada, ela si, por Deus, como "Alma de Deus", compartindo, con amor e con dolor, a sorte dos infelices. No seo do seu pobo, ela é a figura tutelar, anxélica, co seu destino de elección: conducir á patria redimida, como "alma en flor", os "pobres emigrados", reunindo así os dous planos da realidade, o terrenal e o celeste.

A última estrofa "Aparição da dor, aparición do amor. / Alma, só alma, apenas alma en flor", é como un estribillo referente a esa entidade, máis espírito que materia, rescatada pola ascese da dor e do amor, como foi a propia existencia humana de Rosalía.

Despois de Teixeira de Pascoais, moitos escritores e intelectuais portugueses continuaron interesándose pola obra e pola figura singular de Rosalía de Castro. Entre outros, Júlio Dantas, Alfredo Guisado, Hugo Rocha, Jacinto do Prado Coelho, Rodrigues Lapa, Machado da Rosa, Eugénio de Andrade, Francisco da Cunha Leão... Non obstante, parécenos que ningún deles intuía tan profundamente o significado transcendente da mensaxe de Rosalía como o admirable poeta do Marão.

NOTAS

- * Doutor en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela e Profesor na Universidade de Macao (Sur de China).
- 1 Son salientables tanto a marcha de António Sérgio a Brasil, logo da implantación da República en Portugal (5 de outubro de 1910), como as súas relacións epistolares mantidas con algunhas das principais figuras da "Renascença Portuguesa". Para o estudio destas últimas podemos consultar as *Cartas de António Sérgio a Álvaro Pinto (1911-1919)*. Introducción e notas de Rogério Fernandes. Edición da revista *Ocidente*, Lisboa, 1972. António Sérgio publicou tamén *Correspondência para Raul Proença*, con organización e introducción de José Carlos González, Lisboa, 1987.
 - 2 O *Saudosismo*, como "movemento literario, esencialmente poético, que se insere na actividade da sociedade portuense e Renascença Portuguesa", foi estudiado, en particular, por Jacinto do Prado Coelho, que no *Dicionário de Literatura* publicou un longo artigo de síntese ó que engadiu unha numerosa bibliografía, sobre todo a partir dos traballos de Teixeira de Pascoais, João Ferreira e Afonso Botelho. Foi pioneiro o estudio de Teixeira de Pascoais, *O Espírito Lusitano ou o Saudosismo*, Porto, 1912, no xornal *República*, publicado logo en Lisboa en 1915, que resulta verdadeiramente significativo pola acalorada polémica suscitada en torno do movemento saudosista, a partir da primeira entrevista concedida por Júlio de Matos. Nomes como os de Teixeira de Pascoais, Fernando Pessoa, Hernâni Cidade e Leonardo Coimbra, entre outros moitos, terciaron armas pola respectiva dama. Queda aínda por facer un estudio profundo sobre o movemento saudosista, tal como Teixeira de Pascoais o preconizou, a pesar dos moitos esforzos de António de Magalhães, de João Ferreira, de Pinharanda Gomes e, ultimamente, de Mário Garcia.
 - 3 *A Águia* nº 22 (2ª serie), outubro de 1913, p. 100.
 - 4 *Ibidem*, pp. 101-102.
 - 5 *Ibidem*, p. 107.
 - 6 Ninguén cuestiona na actualidade a admiración que Teixeira de Pascoais sentía por Galicia, por Rosalía de Castro e por moitos intelectuais galegos, como Noriega Varela, por exemplo. Sen embargo, agás os catro poemas que coñecemos dedicados a Galicia e a Rosalía, son contadas as alusións que observamos en prosa do poeta de Amarante sobre Galicia. Digamos, non obstante, que Teixeira de Pascoais nunca tratou a Galicia como algo distinto de Portugal. Constatamos tal aserto na conferencia da "Renascença Portuguesa" que pronunciou no Porto, en maio de 1912, sobre *O Espírito Lusitano ou o Saudosismo*. Na páxina 13 afirma o poeta de Amarante: "a Galiza é un bocado de Portugal sob as patas do leão de Castela". Esta afirmación do corifeo do saudosismo fala por si soa e é opinión que mantería durante toda a súa vida. Vinte anos máis tarde da citada conferencia do Porto, Teixeira de Pascoais escribe en *O Penitente (Camilo Castelo Branco)*, Porto, 1942, p. 23: "A Espanha é um deserto com dois oásis: a Galiza e a Catalunha".
 - 7 Teixeira de Pascoais. *Os Poetas Lusíadas*. O Porto, 1919, p. II.
 - 8 *Ibidem*, pp. II-III.
 - 9 *Ibidem*, pp. 21 a 24.
 - 10 *Ibidem*, p. 241.

- 11 *Ibidem*, pp. 242-245.
- 12 *Ibidem*, pp. 247-252.
- 13 *Ibidem*, pp. 253-254.
- 14 *Ibidem*, p. 258.
- 15 *Ibidem*, p. 263.
- 16 *Ibidem*, p. 263.
- 17 *Ibidem*, p. 263.
- 18 *Ibidem*, p. 264.
- 19 *Ibidem*, p. 267.
- 20 *Ibidem*, p. 267.
- 21 *Ibidem*, p. 268.
- 22 *Ibidem*, p. 271.
- 23 *Ibidem*, p. 273. É de salientar que Teixeira de Pascoais nunca abandonou a súa opinión acerca da saudade e do saudosismo, como se pode verificar mesmo no ano do seu pasamento, na conferencia pronunciada no Conservatorio Nacional de Lisboa, o 14 de marzo de 1952, titulada "Da saudade" (con data de San Xoán de Gatóo, 23 de outubro de 1952), esta conferencia, considerada o seu "testamento", foi publicada, postumamente, na *Revista Portuguesa de Filosofía* (Braga, abril-xuño de 1973, tomo XXIX, pp. 137-156).
- 24 Non pretendemos aquí tratar da asañada contenda acerca da saudade e do Saudosismo que asumiu por veces un ton terriblemente polémico e mesmo ofensivo, como se pode verificar no *Inquérito Literário*, de Boavida Portugal. Non pretendemos tampouco tratar aquí das diferencas existentes entre as concepcións e o respectivo tratamento da *saudade* en Teixeira de Pascoais e Rosalía de Castro. Esta temática está estudada xa en parte, ben polo profesor Ricardo Carballo Calero, en varios estudos (*Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, Madrid, 1955, p. 42, nota 34; *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed. Vigo, 1975, pp. 192-193, entre outros), ben por Andrés Torres Queiruga, en *Nova aproximación a unha Filosofía da Saudade*, Vigo, 1981, pp. 52 e ss., onde, a propósito das "dúas máximas explosións modernas do ámbito literario [...] Rosalía de Castro e o Movemento Saudosista portugués", Torres Queiruga fai apreciables observacións, comparando incluso "Negra sombra" de Rosalía de Castro coa "luz divina" de Frei Agostinho da Cruz (*op. cit.* pp. 55-56). Para o profesor Carballo Calero, existe unha diferencía entre a saudade de Rosalía e a saudade de Teixeira de Pascoais. En efecto, escribe o historiador da literatura galega, "mentres a saudade diste poeta portugués semella se referir a unha vaga concepción panteísta do universo, a de Rosalía aparece como máis ben isolada no recinto humano predominando nela o senso de immanencia sobre o de trascendencia" (*op. cit.* p. 192). Carballo Calero, amais, considera a Rosalía como o poeta da saudade por excelencia, porque sente a saudade auténtica, a saudade ontolóxica, como expresa nos seguintes versos de *Follas Novas*:

*Algúns din: ¡miña terra!
Din outros: ¡meu cariño!*

*I este: ¡miñas lembranzas!
I aquél: ¡os meus amigos!
Todos suspiran, todos,
por algún ben perdido.
Eu só non digo nada;
eu só non suspiro,
que o meu corpo de terra
i o meu cansado espírito
a dondequer que eu vaia
van connigo.*

(R. Carballo Calero, *Op. cit.*, p. 193).

- 25 A penas analizaremos os catro poemas publicados en vida do autor.
- 26 A primeira edición de *Marános*, publicada no Porto, en 1911, non contén ningunha dedicatoria.
- 27 Cremos que a terceira edición de *Marános* data de 1930, pois é este o ano de entrada do respectivo exemplar na Biblioteca Nacional de Lisboa.
- 28 *Nós*. Revista mensual da Cultura Galega, órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós, Ourense, nº 18, 1 de xullo de 1923, p.18.
- 29 António Rodrigues Baptista. "A Presença de Rosalia nas Letras Portuguesas (De 1910 a 1930)", en *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela, tomo III, pp. 271-273.
- 30 Conforme a lectura de Ernesto Guerra Da Cal, en *Rosalía de Castro. Antología Poética / Cancioneiro Rosaliano*. Lisboa, 1985, p. 171, corriximos as palabras deste poema de Pascoais, publicado nos *7 Ensaíos sobre Rosalía*: "descorre", "abrange" e "saturna", deben ser "descobre", "abrange" e "soturna".